



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: “**SERVIZO DE DEGUSTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA COMIDA DA FESTA DO GALO 2019**”

NECESIDADE A CUBRIR: A contratación dunha persoa física ou xurídica que realice os servizos de degustación e organización da comida da Festa do Galo 2019 acordes coas necesidades da entidade contratante.

OBXECTO DO CONTRATO: **SERVIZO DE DEGUSTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA COMIDA DA FESTA DO GALO 2019** segundo o Prego de condicións técnicas redactado na data 17/10/2018.

PRAZO DE DURACIÓN: celebrarase o día 4 de agosto de 2019 no Concello de O Pino.

LUGAR DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS: Concello de O Pino.

ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA: 35.200,00 euros.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 32.000,00 euros.

IVE (10%): 3.200,00 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.22799

RESPONSABLE DO CONTRATO: Concelleira de Cultura, D^a Eva Varela Gago.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS: En base ao disposto no artigo 116.4.f) da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

- Insuficiencia de medios persoais: Que se trate de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden prestar por unha empresa de



servizos. Este feito xustificarase coa descrición da dificultade e especialización das tarefas a realizar e a imposibilidade de prestarse por persoal municipal.

-Insuficiencia de medios materiais: Que non se dispón dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas. Que non se dispón do soporte técnico e tecnolóxico axeitado. O beneficio de externalizar a prestación do servizo é poder prestar de forma efectiva do servizo.

MEDIOS PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA: Non se esixe.

CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTA: Non se esixe.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Para a adxudicación deste contrato teranse en conta as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos e outros criterios cuantificables mediante fórmulas.

OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS: O carácter anormal das ofertas apreciarase en función do prezo ofertado, considerándose como tal a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

En todo caso, estarase ao previsto no artigo 149 LCSP 2017 para a regulación e réxime xurídico das ofertas anormalmente baixas.

VARIANTES: Non se admiten.

GARANTÍA PROVISIONAL: Non se esixe.

REVISIÓN DE PREZOS: Os prezos de contratación dos servizos comprendidos en este contrato non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, polo tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

O obxecto do contrato non resulta susceptible de ser dividido en lotes xa que nos atopamos ante a prestación dun servizo único, non sendo



aconsellable que sea dividido en lotes xa que a súa prestación por varias empresas produciría a descordinación do servizo, cos conseguintes perxuizos.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de de medios para realizar as actuacións proxectadas. O procedemento para a contratación será o procedemento aberto simplificado abreviado con multiplicidade de criterios de adxudicación todos eles automáticos segundo o regulado con no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). Proponse o emprego de criterios non unicamente determinados polo factor prezo co obxecto de acadar a mellor relación calidade-prezo, de conformidade co disposto no artigo 131.2 da LCSP. Para iso, teranse en conta os seguintes criterios en base ao establecido no artigo 145.2 da LCSP:

- **Mellor prezo ofertado:** Valorarase ata un máximo de **70 PUNTOS** sobre o total o mellor prezo ofertado polos licitadores, que será obxecto de valoración por parte dos Servizos Técnicos municipais atendendo á seguinte fórmula matemática:

O prezo de cada traballo puntuará ata 70 puntos sobre un total de 100.

A oferta máis vantaxosa para cada traballo será valorada con 70 puntos e o resto das ofertas serán valoradas mediante unha proporción inversa, de acordo coa seguinte fórmula: $70 \times \text{oferta máis vantaxosa} / \text{oferta a valorar} = \text{puntuación da oferta}$.

A efectos de valoración das ofertas terase en conta o importe total de puntos obtidos, adxudicándose a aqueles tres que obtivesen unha maior puntuación.

- **Melloras ofertadas:** Valorarase ata un máximo de 30 puntos sobre o total as melloras ofertadas polos licitadores, que serán obxecto de valoración por parte dos Servizos Técnicos municipais atendendo á seguinte fórmula matemática e en base aos seguintes requisitos:



- A. Mellora A: Calidade dos materiais empregados no servizo, m² de carpa (15 PUNTOS):** Por cada 100 m² máis de carpa 7,5 puntos ata un máximo de 15 puntos. A mellora A está vinculada co obxecto do contrato.
- B. Mellora B: Medios persoais.- Incremento de camareiros (15 PUNTOS):** Por cada camareiro adicional 1 punto ata un máximo de 15 puntos

Para a presentación do presente contrato esíxese a presentación de ofertas empregando medios electrónicos.

Prego regulador da contratación que servirá como base para a adxudicación, determinando a licitación do mesmo mediante procedemento aberto simplificado abreviado, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Informe de secretaria-intervención.

A vista do expediente de contratación tramitado, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado para a prestación do servizo de **“SERVIZO DE DEGUSTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA COMIDA DA FESTA DO GALO 2019**

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente: _

ORZAMENTO TOTAL POR CONTRATA: 35.200,00 euros.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 32.000,00 euros.

IVE (10%): 3.200,00 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.22799

CUARTO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante (plataforma de contratos del estado).



SEXTO.- Publicar no perfil do contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO.- Finalizado o prazo de presentación de proposición, procederase á apertura das proposicións e á súa valoración.

OITAVO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local.

NOVENO.- Dar conta ó Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

O Pino, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde,
Manuel Taboada Vigo